

## ADDENDA

# PROGRAMACIÓNS DO DEPARTAMENTO DE LATÍN CURSO 2021-2022

En virtude da ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de Educación Primaria, de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato no sistema educativo de Galicia, realizamos as consecuentes adaptacións da Programación Didáctica do Departamento de Latín que reflectimos a continuación.

### EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

#### LATÍN 4º ESO

Este curso 2021-2022 desaparece a convocatoria extraordinaria de setembro. O período abranguido entre a 3ª Avaliación e a Avaliación Final dedicárase a actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación.

Nese sentido, para o alumnado que teña materia con partes sen superar logo de realizada a 3ª Avaliación, e dado que a materia ten avaliación continua, realizará unha proba de recuperación final que lle permita acadar os obxectivos da materia. O profesorado deixarálles o tempo de clase para repasar e preparar a materia, resolverá as posibles dúbidas que lles xurdan e axudará a dito alumnado na medida do posible a preparar a correspondente proba de recuperación.

Polo carácter progresivo da e para completar a formación do alumnado que xa teña superada a materia tras a 3ª Avaliación, con este alumnado realizaranse actividades de ampliación. O alumnado que rematada a 3ª avaliación, teña superada a materia, poderá subir ata 1 punto coas actividades de ampliación que se desenvolvan con aproveitamento desde o final da 3ª avaliación ata a finalización do curso

Os procedementos de avaliación na ESO xa están descritos na Programación Didáctica e non son modificados.

Os criterios de cualificación, para a cualificación final serán os descritos na programación

- A cualificación final da materia será o resultado da media ponderada da cualificación obtida nos tres trimestres

1ª AVALIACIÓN: 25%
2ª AVALIACIÓN: 35%
3ª AVALIACIÓN: 40%

- Para o alumnado que se presente á proba de recuperación final a cualificación será a da proba para a 3ª avaliación e para a avaliación final.

## CULTURA CLÁSICA 3º ESO

Este curso 2021-2022 desaparece a convocatoria extraordinaria de setembro. O período abrangido entre a 3ª Avaliación e a Avaliación Final dedicárase a actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación.

Nese sentido, para o alumnado que teña materia con partes sen superar logo de realizada a 3ª Avaliación, realizará as probas de recuperación que lle permitan acadar os obxectivos da materia. O profesorado deixarálles o tempo de clase para repasar e preparar a materia, resolverá as posibles dúbidas que lles xurdan e axudará a dito alumnado na medida do posible a preparar a correspondente proba de recuperación.

Para o alumnado que xa teña superada a materia tras a 3ª Avaliación realizaranse actividades de ampliación. Este alumnado poderá subir ata 0,5 puntos coas actividades de ampliación que se desenvolvan con aproveitamento desde o final da 3ª avaliación ata a finalización do curso

Os procedementos de avaliación na ESO xa están descritos na Programación Didáctica e non son modificados.

Os criterios de cualificación, para a cualificación final serán os descritos na programación

- A cualificación final de cada avaliación será froito da nota media das cualificacións obtidas en cada proba escrita (70%). Os traballos persoais ou de grupo elaborados, e a participación das alumnas e alumnos (intervencións en clase, preguntas, exercicios, esforzo diario), a ortografía, expresión e presentación dos traballos, e o interese demostrado ó longo de todo o trimestre contará un 20% na nota final. En cada trimestre proporase un traballo de investigación que terá unha valoración dun 10% na media. Ademais, cada trimestre proporase unha actividade cultural, incluída no PLC, de carácter voluntario, e que terá unha cualificación máxima de + 1 sobre nota final.

1ª PROBA ESCRITA	35%
2ª PROBA ESCRITA	35%
TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN	10%
TRABALLO DE CLASE	20%
TRABALLO /EXPOSICIÓN/ LECTURA VOLUNTARIA	Ata +1 sobre a media final da avaliación

- A cualificación final da materia será o resultado da media aritmética da cualificación obtida nos tres trimestres

## BACHARELATO

### LATÍN 1º BAC/ GREGO 1º BAC

Este curso 2021 – 2022, en 1º Bacharelato, adiántase a convocatoria extraordinaria ao mes de xuño. O período abranguido entre a avaliación final ordinaria e a avaliación final extraordinaria dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación.

- Nese sentido, para o alumnado que teña materia con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación e ordina, o profesor deixarálles o tempo de clase para repasar e preparar a materia, resolverá as posibles dúbidas que lles xurdan e axudará a dito alumnado na medida do posible a preparar as correspondentes probas de recuperación. Polo carácter progresivo da materia e para completar a formación do alumnado que xa teña superada a materia tras a 3ª avaliación, con este alumnado realizaranse actividades de ampliación
- Os procedementos de avaliación en 1º Bacharelato xa están descritos na Programación Didáctica e non son modificados. Os criterios de avaliación en 1º Bacharelato para a primeira e segunda avaliación serán os mesmos que están plasmados na Programación Didáctica. A terceira avaliación pasa a ser agora 3ª Avaliación Final Ordinaria, polo que se aplicarán os criterios da Avaliación Ordinaria que están na Programación. A avaliación Final Extraordinaria adiántase a xuño, os criterios de avaliación son os que aparecen na Programación para a Avaliación Extraordinaria.
- A cualificación final da materia será o resultado da media ponderada da cualificación obtida nos tres trimestres

1ª AVALIACIÓN: 25%
2ª AVALIACIÓN: 35%
3ª AVALIACIÓN: 40%

- Para o alumnado que se presente á proba de recuperación final extraordinaria a cualificación será a da proba.